

An aerial photograph of a coastal town and harbor. The town, with its red-tiled roofs, is situated on the left side of the frame. The harbor is filled with numerous sailboats docked at piers. In the background, there are large, forested mountains under a clear blue sky. The text 'II BANDEIRA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE BATEIS' is overlaid in white, bold, serif font across the upper middle part of the image.

II BANDEIRA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE BATEIS

MEMORIA TÉCNICA

Datas:

20 Xuño do 2026, Muros

Organizan:

Excm. Deputación da Coruña

Federación Galega de Remo

Club de Remo Muros



EXPEDIENTE TÉCNICO

II BANDEIRA DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE BATEIS

30 Maio · Muros

DATA	20 de Xuño de 2026 (Sábado)
HORA	Xornada Clasificatoria: 10:30 horas Xornada Final: 16:00 horas
LUGAR PROPOSTO	Porto de Muros (A Coruña)
CATEGORÍA	Alevín, Infantil, Cadete, Xuvenil, e Sub´23 (Masculino e Feminino)
DISTANCIA	500 m – Alevín 1.000 m – Infantil 1.500 m – Cadete 2.000 m – Xuvenil e Sub´23
XURADO	Comité Galego de Xuíces-Árbitros
ORGANIZAN	Federación Galega de Remo
BASES:	<i>Boletín Oficial da Provincia da Coruña (10/06/2026)</i>


1. PARTICIPANTES

Poderán participar tódolos clubs de remo, sen fins de lucro, que están a desenvolver a modalidade de Bateis, con domicilio fiscal na provincia da Coruña e legalmente constituídos antes mércores, **10 de Xuño de 2026**.

As persoas participantes deberán estar en posesión de licenza federativa en vigor, e non ter sanción de ningunha clase na data fixada para a inscrición.

Non poderán participar remeiros/as con licenzas federativas pertencentes a clubs distintos aos clubs participantes.

Na Bandeira de Bateis non poderán tomar parte equipos (bateis) mixtos. A tal efecto, entenderase por equipos (bateis) mixtos aqueles conformados por deportistas dun mesmo club, do mesmo sexo e de diferente categoría.





Cada club poderá inscribir un equipo por categoría e modalidade (masculina e feminina).

Todos os clubs participantes na "II BANDEIRA DE BATEIS DEPUTACIÓN DA CORUÑA", polo mero feito de realizar a inscrición aceptan as presentes bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, 10/06/2026 e, no caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da Organización.

Os equipos (bateis) participantes, en cada categoría, **deberán estar integrados por deportistas da devandita categoría, podendo tamén aliñar deportistas da categoría inmediatamente inferior.**


Ademais, un equipo (batel) poderá aliñar un patrón/a que poderá pertencer a outra categoría sempre que se cumpran as previsións regulamentarias do Código de Regatas da FEGAR no que ao peso se refire, sen que por iso sexa considerado como equipo (batel) mixto.

2. CATEGORÍAS e ORDE DE REGATAS

1º.- Alevín Feminino (2014 ou posteriores)
3º.- Infantil Feminino (2012-2013)
5º.- Cadete Feminino (2010-2011)
7º.- Xuvenil Feminino (2008-2009)
9º.- Sub'23 Feminino (2004-2007)

2º.- Alevín Masculino (2014 ou posteriores)
4º.- Infantil Masculino (2012-2013)
6º.- Cadete Masculino (2010-2011)
8º.- Xuvenil Masculino (2008-2009)
10º.- Sub'23 Masculino (2004-2007)

** Aclaración; como recolle o "Código de Regatas da FER", no Capítulo III, punto 3.2 Categorías de Remeiros/as que esta reconece. Á categoría Sub'23 pertencen todos aqueles remeiros/as desde o 01 de Xaneiro do ano no que cumpran 19 anos, ata o 31 de decembro do ano no que cumpran 22 anos. Podendo incluír no equipo remeiros/as de categoría xuvenil si o estiman oportuno.





3. INSCRICIÓN

A inscrición dos clubs realizarase a través da Federación Galega de Remo, podendo inscribir cada entidade un equipo máximo por cada categoría. Os clubs deberán realizar a **inscricións** na plataforma correspondente, www.remogalicia.org, antes das **12:00 horas do xoves 18 de Xuño de 2026**, sempre que se confirme a data proposta.


Un equipo (batel) clasificado para a disputa da Final "II BANDEIRA DE BATEIS DEPUTACIÓN DA CORUÑA", deberá tomar parte cos mesmos deportistas que figurasen inscritos na folla de inscrición da Bandeira. Podendo, soamente o patrón/a, estar inscrito en varios equipos simultaneamente.

O día da disputa da Final da "II BANDEIRA DE BATEIS DEPUTACIÓN DA CORUÑA", a delegada/o de cada equipo (batel) deberá comunicar a/o Presidenta/e do Xurado da Regata os cambios ou substitucións que se realizaron, en calquera caso, deberán respectar o indicado neste regulamento ou normativa de competición. Poderase realizar un máximo de tres (3) cambios, dous (2) de remeiros/as e o patrón/a), a condición de que figuren como suplentes na folla de inscrición de este equipo (batel) na "regata clasificatoria".

Ningún remeiro/a poderá disputar a "II BANDEIRA DE BATEIS DEPUTACIÓN DA CORUÑA", se tomara parte (inscrición e participación) na "regata clasificatoria" como membro dun equipo (batel) que non se clasificase para a disputa da "final". Non se entenderá que un remeiro/a tomou parte na "regata clasificatoria" cando simplemente figurase como suplente na folla de inscrición dun equipo (batel) que, disputando a regata, non se clasificara para disputar o "II BANDEIRA DE BATEIS DEPUTACIÓN DA CORUÑA".

A inscrición será de balde para todos os clubs participantes e as persoas integrantes dos equipos.

A substitución, baixa, ou alta dalgunha das entidades participantes deberá ser comunicada á Deputación coa antelación suficiente, como prazo límite 4 días naturais anteriores á realización da regata para autorizar calquera cambio.





4. REUNIÓN DE DELEGADAS e DELEGADOS

Terá lugar ás **09:00 horas**, nas instalacións da **Lonxa de Muros**, e terá que asistir unha delegada ou delegado por club participante, debidamente acreditado.

Acreditacións das delegadas/os:

As delegadas ou delegados dos clubs, levarán a documentación necesaria para a comprobación e verificación da identidade das remeiras e remeiros (TARXETA DO DEPORTISTA DA FEGAR, DNI, PASAPORTE OU PERMISO DE CONDUCIR ORIXINAIS). Outros documentos, para a súa validez, deberán ser avalados polo Comité de Regatas.

5. CONFECCIÓN DE QUENDAS E SORTEO DE RÚAS.

As quendas serán distribuídas en función da clasificación da Liga Galega de Bateis (Zona Norte) da tempada en curso.


Se houberse algún equipo (batel) que non participara na competición, quedará relegado ao último posto desta clasificación, se houberse varios, sortearíanse os postos entre as últimas prazas.

As quendas serán lanzadas, salvo que, por causa de forza maior, o comité de Regata decida o contrario.

E como norma específica establécese para esta II Bandeira de Bateis da Deputación da Coruña que entre quenda e quenda da mesma categoría, haberá 1 minuto de separación entre saídas.

Cando o cambio de quenda supoña un cambio de categoría, o intervalo será de 5 minutos.

A confección das quendas na II Bandeira de Bateis realizaranse de maneira automática, tendo en conta o previsto no Regulamento de banco fixo.





A asignación de rúas efectuarase mediante sorteo, celebrado unha hora e media (90') antes do comezo da primeira regata, o día que se celebre a xornada final da II Bandeira de Bateis Deputación Provincial da Coruña, e que será realizado conforme ao disposto pola entidade organizadora ou persoa en quen delegue.


A confección das quendas na final da II Bandeira de Bateis realizaranse en función da clasificación obtida polas tripulacións na regata clasificatoria, optando á final os 5 equipos (bateis) clasificados segundo os criterios anteriormente sinalados.

6. CLASIFICACIÓN PARA TOMAR PARTE NA FINAL

Terán dereito a tomar parte na final da "II BANDEIRA DE BATEIS DEPUTACIÓN DA CORUÑA" de cada categoría, os equipos (bateis) que finalizasen nas cinco (5) primeiras posicións na "regata clasificatoria", segundo os criterio de clasificación marcado polo Regulamento de Competición de Banco Fixo.

No caso de que un club, cuxo equipo (batel) houbera conseguido os méritos deportivos sinalados no epígrafe precedente, renunciase a tomar parte na Final do Campionato Provincial de Bateis que lle pertence, a súa praza será asignada, na categoría na que se xera a vacante, ao equipo (batel) do club que houbera ocupado a 6ª posición na "regata clasificatoria", e así sucesivamente.

No caso de que na "regata clasificatoria" da "II BANDEIRA DE BATEIS DEPUTACIÓN DA CORUÑA" nunha categoría o número de clubs cuxos equipos (bateis) se inscribiron sexa igual ou inferior ao de clasificados para a disputa do campionato provincial, todos eles quedarán automaticamente clasificados para a disputa da final.





7. PESAXE DE PATROAS, PATRÓNS e EMBARCACIÓNS


Realizarase nas instalacións da **Lonxa de Muros**, o sábado día 20 de Xuño , dando comezo este as **09:00 horas**. Tendo en conta pesarse entre 2 e 1 horas antes da manga na que se vai competir.

Para os equipos clasificados para as Finais, a pesaxe dos patróns/as farase a partires das **15:00 horas**, no mesmo lugar. Tendo en conta pesarse entre 2 e 1 horas antes da manga na que se vai competir.

O peso regulamentario é de 55 kg para os equipos femininos e masculinos (xuvénis e sub'23), podendo utilizar un lastre de ata 15Kg.

A pesaxe das embarcacións farase atendendo o Artigo 6, do regulamento de competición. Este realizarase por sorteo, ó finalizar cada quenda, a decisión do Xurado.

8. CAMPO DE REGATAS




9. REVISIÓN DO CAMPO DE REGATAS

A revisión do campo de regatas realizarase 2 horas antes do día da competición

10. PLANO DE LOCALIZACIÓNS



-  LONXA (pesaxe barcos, patróns, reunión delegadas e duchas)
-  DUCHAS (Pabellón municipal e instalacións do Club de Remo Muros)
-  Zona carros e buses
-  Carpa xuíces



11. PUNTUACIÓN


A puntuación para definir quen son os gañadores de cada categoría e modalidade será a seguinte:

1º Clasificado	5 Puntos
2º Clasificado	4 Puntos
3º Clasificado	3 Puntos
4º Clasificado	2 Puntos
5º Clasificado	1 Puntos

12. CERIMONIA DE ENTREGA DE BANDEIRAS e MEDALLAS

O procedemento de entrega de MEDALLAS, realizarase nas inmediacións do palco de xuíces e delegadas/os, e será seguindo a orde seguinte;

- Alevín Feminino
- Alevín Masculino
- Infantil Feminino
- Infantil Masculino
- Cadete Feminino
- Cadete Masculino
- Xuvenil Feminino
- Xuvenil Masculino
- Sub´23 Feminino
- Sub´23 Masculino





13. PREMIOS

Bandeiras

Dúas bandeiras, unha masculina e outra feminina para o club que máis puntos acadade en cada modalidade, masculina ou feminina.

No caso de empate, será para o club con máis vitorias, se este non se soluciona, contaránse os segundos postos, e así sucesivamente. De persistir o empate, solucionarase a bandeira o club que tivese menor suma entre tódolos tempos.

Medallas


As tres tripulación mais rápidas de cada categoría recibirán medallas, sendo de bronce, prata e ouro.

14. DIRECTORIO

O **Comité de Regatas** estará composto polos seguintes membros:

1. Vicepresidente da Federación Galega de Remo: **Gustavo Vázquez Torrado**
2. Presidenta do xurado: **Paloma Carpena Iglesias**
3. Representante do club organizador: **Lucía Siaba Fernández**
4. Un representante dos clubs participantes, que será nomeado por sorteo durante a reunión de delegados.
5. Coordinador de Seguridade: **Lucía Siaba Fernández**

As funcións de Oficial Médico serán desempeñadas pola empresa **AMBULANCIAS COMPOSTELA**. O punto de atención médica estará situado xunto a rampla de embarque e desembarque principal.





15. SUXESTIÓNS AMBIENTAIS

Co fin de minimizar a pegada ambiental da competición, solicitamos que se apliquen as seguintes indicacións:

- Evitar por tódolos medios calquera tipo de vertido ao medio acuático, tanto sólido como líquido.
- Evitar deixar desatendido calquera residuo preto do medio acuático, xa que o vento pode arrastralo cara o mar.
- Facer uso dos colectores segregados por tipo de residuos que están espallados polas inmediacións ao campo de regatas.
- Prestar especial atención aos residuos na zona de remolques, sexa botellas de auga ou restos orgánicos, froita,..
- Evitar deixar calquera tipo de residuo nas ramplas ou pantaláns de embarque e desembarque.

16. INFORMACIÓN DE CONTACTO

Presidente da FEGAR: José Luís Méndez González

En A Coruña, a 15 de Xuño de 2026



José Luis Méndez González

Presidente

Federación Galega de Remo

